



Este **venres 29 de febreiro** de 2008 constituíuse en Galiza a [Plataforma Galega Antitransxénicos](#), coincidindo cunha xornada de divulgación e debate sobre os perigos dos organismos modificados xenéticamente (OMX's). Reunímonos no concello de Lalín vinte organizacións sociais galegas para iniciarmos o camiño que nos haberá de levar á consecución do obxectivo final: a declaración de

### **Galiza zona ceibe de transxénicos**

. Na reunión deste venres establecéronse as principais

### **liñas de traballo**

que a Plataforma Galega Antitransxénicos (OMX's) levará a cabo

[\(segue...\)](#)

---

**1º- Esiximos información** por parte da Administración en todo o relativo ao cultivo e experimentación de transxénicos en Galiza,

**2º-** Solicitarase unha **entrevista con carácter de urxencia** cos/cas resposábeis máxim@s das Consellarías de Medio Ambiente e Medio Rural, na que se lles trasladará as demandas da Plataforma Galega Antitransxénicos.

**3º-** De xeito paralelo, iniciarase unha **campaña de información cidadá** referida ós riscos derivados do consumo e cultivo de transxénicos. Iniciarase de modo máis intensivo nos concellos onde xa se teñen realizado ensaios con OXM's.

**4º-** Iníciáanse os trámites para a promoción dunha **Iniciativa Lexislativa Popular (ILP)** orientada á prohibición da experimentación, cultivo e consumo de produtos tranxénicos en

Galiza.

Nos próximos días desenvolverase o aparello comunicativo da Plataforma Galega Antitransxénicos: **Páxina web** e elaboración de tres dos documentos base: o **manifesto** “**Galiza ceibe de transxénicos**”

, un

**tríptico**

de carácter técnico-informativo que trasladará as nosas argumentacións á sociedade galega e unha

**moción**

dirixida aos concellos para seren declarados zonas ceibes de transxénicos.

ORGANIZACIÓNS PRESENTES NA ASEMBLEA DE CRIAZÓN DA PLATAFORMA GALEGA ANTITRANSXÉNICOS:

ADEGA, A Esmorga, Alternativas Nómadas, Amigos da Terra, APEGA, Asociación Cultural Meiro, Cooperativa de Consumo Responsable Eirado, Fuga em Rede, Gentalha do Pichel, Rede Consumo Consciente, Saramaganta, Semente, Sindicato Labrego Galego, O Grelo Verde, Verdegaia